



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO
O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2012.-**

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ D. EMILIO MESIAS FARIAS</p> <p><u>Non asisten con excusa:</u> D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.</p> <p><u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e cinco de outubro de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

PUNTO 1º.- EXPEDIENTE EXPROPIACION AMPLIACIÓN INSTALACIÓN DO CPI CONDE DE FENOSA: TOMA COÑECEMENTO ESCRITO D. ANGEL SAR CASTIÑERIA.

Dada conta do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Ares de data 28/06/2012, sobre “Expropiación ampliación instalación CPI Conde de Fenosa”.

“Vista a proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:

PROPOSTA DE ACORDO: EXPROPIACIÓN TERREOS “TRASLADO DE PISTA DEPORTIVA CUBERTA”.

Primeiro.- Aproba-lo proxecto “memoria valorada para el traslado de pista deportiva cubierta” redactado polos Arquitectos Nicolás Castelo Pérez e Luis Felipe Cabezas Torrelo, Arquitectos superiores colexiados 2699 e 3164, considerandoo de utilidade pública.

Segundo.- Incluir esta obra dentro do Plan de Obras e Servizos desta Corporación aos efectos previstos polo artigo 94 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.



Terceiro.- Aprobalo proxecto de expropiación dos bens e dereitos afectados polo “Proxecto de expropiación para ampliación das instalación do C.P.I. Conde de Fenosa en Ares” correspondente á execución do Proxecto “memoria valorada para el traslado de pista polideportiva cubierta”.

Cuarto.- Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días con publicación no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello, concedendo audiencia ós interesados advirtíndolles que ata o día do levantamento da acta previa á ocupación poderán formular alegacións que estimen oportunas, así como remitir copia do expediente ó Ministerio Fiscal para as parcelas de titularidade descoñecida se fose o caso.

Quinto.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación en base ós motivos que a continuación se describen consorte a Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre a urxente ocupación de bens expropiacións das Corporacións Locais e ao abeiro do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa”.

Relación de bens e dereitos afectados:

Finca nº. Ref. Catastral.	TITULARES.	Bens afectados.	Valoración.
0991002NJ6009S0001FW	LOPEZ RIVERA MARIA	1309 m2.	20.168,13 Euros.
099100NJ6019S0001iY	SANCHEZ MARTINEZ ANGELES	149 m2.	2.153,75 Euros.
15004A018003220000YD	MARTINEZ PEREIRA FCO.	454 m2.	11.288,52 Euros.

MARTINEZ PRIETO MANUEL ANTONIO.

Visto o escrito de data 28/09/2012 rexistro de entrada nº 3453, presentado por D. Angel Sar Castiñeira con DNI 32.557.986-Z e enderezo en C/Celso Emilio Ferreiro núm. 10 Ares, expresando que tendo coñecemento da publicación no BOP núm. 145 de data 01/08/2012 da expropiación de terreos para a ampliación do CPI “Conde de Fenosa” de Ares, presenta documentación acreditativa da titularidade da finca 454 metros cadrados con referencia catastral 15004A018003220000YD, non opoñéndose á expropiación, pero sí reservándose o dereito a poder recurrir a valoración emitida da súa finca.”

A vista do anteriormente transcrito o Concello Pleno por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento de que a parcela de 454 metros cadrados con referencia catastral 15004A018003220000YD que aparece asignada aos titulares MARTINEZ PEREIRA FRANCISCO/MARTINEZ PRIETO MANUEL ANTONIO, pertence a D. ANGEL SAR CASTIÑEIRA con DNI núm. 32.557.986-Z

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do expediente “Expropiación ampliación instalación CPI CONDE DE FENOSA”.



PUNTO 2º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL IBI: EXENCIÓN A FAVOR DOS CENTROS SANITARIOS DE TITULARIDADE DA COMUNIDADE AUTONOMA OU DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.-

O Sr. Alcalde-Presidente, manfiesta que hai unha execución a favor do Centro de Saúde, que é de titularidade Autonómica e en consecuencia eles solicitan a exención e loxicamente a proposta da Alcaldía é que se de esa exención.

Sometida o asunto a votación o Pleno do Concello Por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación, en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Aprobar inicialmente a exención do pagamento do imposto a favor dos centros sanitarios titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde.
- 2.- Someter a información pública esta modificación mediante publicación de anuncio no BOP por espazo de 30 días, significando que no caso de non presentación de reclamación o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo.

PUNTO 3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMATIVA URBANÍSTICA DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DE ARES.

Dase conta do informe conxunto de Secretaría e Servizos Técnicos que seguidamente se transcribe:

INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA E SERVIZOS TÉCNICOS

Asunto : Aprobación provisional modificación puntual da normativa urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 26 de maio do 2010 foi aprobado polo Pleno do Concello con carácter inicial o proxecto de modificacións puntuais das Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares que comprendía as seguintes :

- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación borde litoral Chanteiro.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Adecuación proxecto recuperación fachada Marítima de Redes.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Avda. do Mazóte.
- Modificación Puntual da Normativa Urbanística das Normas Subsidiarias.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias Pedros.



- Modificación Puntual Normas Subsidiarias ampliación CPI Conde de Fenosa.
- Modificación Puntual Normas Subsidiarias viario Redes.

Segundo.- Foi sometido a información pública mediante Edictos publicados no D.O.G. núm. 174, do 09-09-2010, e nos xornáis "La Voz de Galicia" e Diario de Ferrol" do 09-09-2010.

Terceiro.- Remitido o expediente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras aos efectos da súa aprobación definitiva nos termos do artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, esta a medio da Orde do 24 de xaneiro do 2012 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras procede á aprobación do expediente de Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares relativo aos apartados:

- Modificación segunda, para a actuación integral na fachada marítima de Redes.
- Modificación cuarta, de reaxuste viario na zona da Avda. do Mazóte, debendo recollerse o viario existente paralelo ao camino a Pedros.
- Modificación quinta, para a delimitación dun Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións en Pedros, suxeito ao establecido nos informes emitidos por Augas de Galicia no trámite de consultas da avaliación ambiental estratéxica.
- Modificación sexta, sen abranguer o viario traseiro de acceso a propiedades privadas, que non foi admitido no informe sectorial en materia de costas.

Así mesmo, acorda non aprobar as modificacións primeira e terceira, debéndose subsanar as deficiencias reflectadas no apartado III anterior; e somételas de novo a aprobación definitiva.

CONSIDERACIÓNS LEGÁIS

Primeira.- A modificación primeira refírese á adecuación das Normas que regulan aliñacións e rasantes, alturas e outras condicións de edificación; e realízase unha delimitación do ámbito do casco antigo de Redes.

Así simultaneamente na mesma Modificación tratábanse a adecuación das Normas relativas á normativa urbanística das Normas e a delimitación do ámbito do casco antigo de Redes.

Á vista da denegación da súa aprobación definitiva dado que esta modificación non foi sometida a informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural como preceptúa o artigo 32 da Lei 8/1985, do Patrimonio Cultural de Galicia polos motivos que na mesma se sinalan; foi remitida á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, habendo sido obxecto de contestación a medio de informe do 30 de xullo do 2012 a cal á vista da mesma e considerando que non existía previamente ordenanza algunha específica para o casco antigo de Redes e, co obxecto de darlle un tratamento diferenciado e específico pola súa singularidade, optouse por realizar unha modificación puntual no caso antigo de Redes máis específica, dando lugar á continuación da Modificación relativa ás Normas que regulan aliñacións e rasantes, alturas e outras condicións de edificación (Modificación Puntual da Normativa Urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares).

A variación introducida na Modificación Puntual ao deixar pendente a Ordenación do casco antigo de Redes, non supón unha modificación que signifique nos termos do artigo 85.8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, dado que non se adoptan novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en



relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, polo que non procede un novo trámite de información pública con anterioridade á nova aprobación provisional para subsanar a deficiencia apreciada na Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 24 de xaneiro do 2012 e a súa posterior remisión á Consellería para resolver a súa aprobación definitiva.

Cumpre significar que para determinar o concepto, definición e alcance de modificación substancial é necesario acudir á doutrina xurisprudencial para chegar a determinar o seu alcance e contido como concepto xurídico indeterminado, sendo de destacar a tales efectos as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia (Sala do Contencioso-Administrativo, sección 1ª) do 14 de abril de 1998, Tribunal Supremo do 5 de xuño de 1995, 12 de xuño de 1995 e 19 de setembro de 1998.

En base aos citados pronunciamentos xurisprudenciais, conclúese que diferenciando e deixando a ordenación do núcleo de Redes para unha modificación específica que permita darlle un tratamento diferenciado, coa presente aprobación provisional non hai modificación substancial e por conseguinte non require dun novo trámite de información pública, dado que non se adopta un novo criterio respecto á clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xera e orgánica do territorio.

Segunda.- Visto canto antecede, considerase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello de conformidade co previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local co quorum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación."

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que fixemos unha serie de modificacións puntuais que afectaban a espazos concretos, a espazos delimitados, e agora facía falla a normativa xeral que traladara efectivamente ás normas subsidiarias as regras básicas do Plan de 1999.

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Nos vamos a manter a posición que tivemos na aprobación inicial deste asunto, nos miraremos se habería posibilidade de solicitar un informe de Secretaría sobre o alcande do contido da Resolución da Xunta,.

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación do proxecto de modificacións puntuais das Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal de Ares, comprensivo entre outras da **modificación puntual da normativa urbanística das normas subsidiarias de planeamento municipal de Ares**, o cal foi aprobado provisionalmente na sesión ordinaria do día 29 de setembro do 2011.

Visto que aprobado con carácter inicial na sesión plenaria do día 26 de maio do 2010, foi sometido a información pública mediante edictos publicados no Diario Oficial de Galicia núm. 174, do 9-09-2010 e nos xornais "La Voz de Galicia" e "Diario de Ferrol do 09-09-2010".



Visto que remitido o documento de inicio da modificación puntual da normativa urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental aos efectos do preceptivo informe de Avaliación Ambiental Estratéxica, a medio da Decisión de 5 de outubro de 2009 declarase a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica dita modificación, sendo publicada no D.O.G. núm. 226, do 18-11-09.

Visto que á modificación puntual non houbo alegacións.

Resultando que sometido o proxecto de modificacións a aprobación definitiva, por Orde do 24 de xaneiro do 2012 sobre aprobación definitiva do expediente de modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares que comprende 6 modificacións puntuais, do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras aprobáronse catro modificacións puntuais, establecendo no seu punto 2º:

"De acordó co punto 7.b) do artigo 85 da LOUG, NON APROBAR as modificacións primeira e terceira, debéndose subsanar as deficiencias reflectadas no apartado III anterior; e somételas de novo a aprobación definitiva."

Resultando que a primeira modificación refírese á adecuación das normas que regulan aliñacións e rasantes, alturas e outras condicións de edificación; e realízase unha delimitación do ámbito do casco antigo de Redes.

Resultando que a delimitación do casco antigo de Redes nos termos do Informe da Dirección Xeral de Patrimonio de 30-07-12 require da adopción dunhas medidas protectoras e correctoras que no mesmo se sinalan, sendo oportuno desgaxar dita delimitación e adopción protectoras e correctoras da modificación puntual da normativa urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ares, deixandoa pendente para un expediente individualizado e singular do núcleo de Redes.

Na súa virtude, visto o informe conxunto da Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e considerando que nos termos do artigo 85.8 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, que non hai unha modificación substancial que signifique un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, dado que non hai adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio; non sendo por conseguinte necesario a apertura dun novo trámite de información pública con anterioridade ao acordó de aprobación provisional e da remisión da documentación oportuna á Consellería para resolver a súa aprobación definitiva,

O Pleno do Concello, visto o informe conxunto da Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, previa deliberación, de conformidade co disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, acorda por maioría de 10 votos a favor do P.S.deG-P.S.O.E. (5),



P.P. (4) e NAL (1), e unha abstención do B.N.G., o que supón a maioría absoluta legal dos membros da Corporación :

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual da Normativa Urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares (Documento refundido para aprobación definitiva).

Segundo.- Unha vez dilixenciado, elevar o expediente da Modificación Puntual da Normativa Urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares (Documento refundido para aprobación definitiva) á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

PUNTO 4º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que hai unha practica, extendida de dar axudas de emerxencia en situacións de extrema necesidade, ou en situacións de emerxencia social, e ata agora non había ningunha normativa que regulara esa actuación e, agora se aprobou unha e en consecuencia se trata de cubrir regulamentariamente pois un espacio que ata este momento carecía de normativa regulada.

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: Como xa apunta o Sr. Alcalde é darlle forma o que xa se viña a facer, nos temos aquí unha proposta referente ó artigo 20, onde di que as Resolucións de bonos de alimentos corresponde o Alcalde Presidente, ou Concelleiro Delegado de Servicios Sociais, nos pediríamos ahí se habería a posibilidade de poder pasalo por unha Comisión ou algo similar.

Resposta o SR. Alcalde que non hai ningún problema en pasalo por Comisión, absolutamente ningún, máis que as veces como a propia normativa indica trátase de emerxencia social, as comisións son cada quince días incluso as veces cada mes, entóns convocar unha comisión exclusivamente para un bono para comprar nunha tenda, me parece un pouco excesivo, entóns efectivamente o tema de que o Alcalde ou o Concelleiro asinen da premura, se necesita, se asina e posteriormente se pode dar conta na Comisión correspondente, pero que se decida nunha Comisión parece un pouco esaxerado porque pola natureza das axudas, son 30 ou 40 euros nunha tenda, ou pagar un recibo da luz que poden ser 70 ou 80 euros, parece excesivo efectivamente primeiro dilatar a Resolución a unha Comisión ou incluso convocar unha Comisión, que sae moito máis cara que a axuda que se da, polo tanto eu pediría manter o artigo 20 tal e como está, non por razón de que teñamos loxicamente unha vontade de quere a competencia, senón por operatividade, por cuestión de operatividade.



Sr. Mesias Farías, eso xa está contemplado noutro punto onde dí: que poderase facer o gasto sen a sinatura do Concelleiro ou do Alcalde, entonces nos o que decimos e non facer unha Comisión exproceso, senon que na Comisión polo menos tivese coñecemento deso.

O SR. Alcalde di que que coñecemento sempre vai a ter, evidentemente o artigo 20, resolve a urxencia porque asina o Alcalde ou o Concelleiro, e o artigo 21 resolve esa mesma urxencia cando o Alcalde ou o Concelleiro non están, pois o mellor están noutro sitio, o que desde logo non resolve a urxencia é ir a Comisión nunca, eso nunca resolve a urxencia.

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. Manuel Cendán: Eu espero que esto o regulen porque, según as resolucións dos Plenos e que se deu algunha emerxencia social, eu onte mesmo vin algunha persoa que se lle pagou a luz, pagar este tipo de servizo e ter un coche novo pasando ben, e entonces dixen eu coño a este xente se lle está pagando a luz, entonces espero que esto veña a recoller un pouco e qu se mire ben que ten dereito e que non, e ver a situación real, espero que veña con todo este articulado e o que teña dereito a ela que se lle dea, porque ademáis nos somos partidarios e o dixemos así no Pleno dos orzamentos a que se destinará unha maior partida, a estas situacións que había familias que o estaban pasando mal, que se teña un regulamento e o diñeiro vaia a quen de verdade o merece.

Sometida a votación o Pleno do Concello por 6 votos a favor (5 PSOE e 1 NAL) e 5 absencións (4 PP e 1 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social, que figura como Anexo o presente acordo.
- 2.- Someter a información publica esta oprobación, por espacio de 30 días mediante publicación de anuncio no B.O.P., significando que no caso de non presentarse alegación entenderase definitivamente aprobada.

ANEXO:

ORDENANDA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL

ARTIGO 1.

O presente regulamento ten como obxecto o desenvolvemento dun conxunto de prestacións dirixidas a paliar situacións carencias graves que afecten ás necesidades básicas das persoas no Concello de Ares.



ARTIGO 2.

As axudas que configuran as medidas contra situacións de exclusión e que conforman o son:

- Bonos de alimentos.
- Prestacións de emerxencia social.
- Redución nos prezos públicos de actividades municipais.

ARTIGO 3.

As axudas para situacións de emerxencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa ou unidade familiar que reúna os requisitos e as condicións esixidas na presente regulamento, e segundo os preceptos contidos no mesmo.

ARTIGO 4.

Os Bonos de Alimentos defínense como aquela prestación social destinada a cubrir as necesidades vitais de alimentos e coidado da saúde das familias en situación de carencia de recursos.

ARTIGO 5.

A redución nos prezos públicos de actividades municipais configúrase como unha axuda para que aquelas familias que se atopen nas seguintes situación poidan participar igualmente nestas actividades.

1. Unidades familiares coas que se este a intervir dende Servizos Sociais e que se valore a idoneidade da participación nalguna actividade e que pola súa situación sexa necesario a dita bonificación para acceder a bonificación.
2. Aquelas unidades familiares que sen estar a traballar con elas dende o Departamento de Servizos Sociais atópanse nunha situación económica precaria.

Priorizaráse este artigo para a concesión da bonificación da seguinte maneira:

1. Menores a cargo das unidades familiares (1 actividade por menor a cargo).
2. Actividades para formación de Adultos. (1 actividade por adulto).



ARTIGO 7.

Non terán dereito a esta prestación os preceptores de pensións ou axudas de carácter público, agás aquelas outorgadas para garantir un mínimo de subsistencia persoal.

ARTIGO 8.

O falseamento, ocultación ou terxiversación de datos relativos ó expediente de solicitude dará lugar á denegación ou anulación da axuda de que se trate.

ARTIGO 9.

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente.

TITULO PRIMERO: DAS AXUDAS PARA BONOS DE ALIMENTOS.

Capítulo I.-Obxecto e natureza

Artigo 10.

A prestación social dos bonos de alimentos incorpórase como recurso formal dentro do Departamento de Servizos Sociais, e concederanse por un tempo determinado, co obxectivo final de conseguir a motivación do núcleo familiar para que logre a súa autonomía económica.

En todo caso, os preceptores desta prestación, terán a obriga de colaborar cos Servizos Sociais Municipais, naqueles Programas que se determinen, co obxectivo de alcanzar a súa inserción laboral e social. O incumprimento desta obriga dará lugar a retirada inmediata da axuda asistencial outorgada.

Capítulo II.-Da clasificación

Artigo 11.

1.- A prestación social dos bonos de alimentos clasificaranse nas modalidades que a continuación se relacionan, dependendo das circunstancias familiares:

A) **Bonos destinados a familias numerosas:** serán preceptores deste tipo aquelas familias que teñan tres ou máis fillos menores, correspondéndolles os alimentos sinalados no anexo III deste regulamento, que forma parte indisoluble do mesmo. Así tamén, poderán asimilarse nesta categoría as unidades familiares que, sen reunir o requisito de ser familia numerosa, se



atopen en situacións carencias tan graves que precisen deste tipo de axuda para satisfacer a necesidade básica de alimentación.

B) **Bonos destinados a familias non numerosas:** serán perceptores deste tipo aquelas familias que teñan dous ou menos fillos, correspondéndolles neste caso os alimentos sinalados no anexo IV deste regulamento, que forma parte indisoluble do mesmo.

Artigo 12.

1.-Poderán ser beneficiarios desta ordenanza, nas condicións previstas neste Regulamento, aquelas persoas que reúnan os requisitos seguintes :

a) Estar empadroados neste municipio.

b) Que teñan constituído fogar independente. Non se esixirá o cumprimento deste requisito cando se trate de persoas con menores ó seu cargo, que por necesidades ou circunstancias de especial

Capítulo IV.-. Dos requisitos.

Artigo 13.

Poderán seren beneficiarios das axudas para emerxencia social, as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

1.-Seren maiores de idade.

2.-Estar empadroado para poder optar ás axudas destinadas a cubri-los gastos previstos no art. 22.1.2.

3.-Non dispoñer de ingresos dabondo para afronta-los gastos derivados da situación de emerxencia.

Artigo 14.

Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos de aplicación da presente medida, aqueles que, obtidos polos membros do fogar en concepto de rendas, retribución, pensións ou calquera outro título, agás os de carácter finalista dirixidos á formación



regrada así como o complemento de inserción previsto no art. 13 da Lei 9/91, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, non sexan superiores ó cento vintecinco por cento do importe do subsidio básico mailo complemento variable en función dos membros do fogar, da renda de integración social de Galicia que lles correspondería de conformidade coa antedita Lei 9/91.

Solicitante(s)	INGRESOS A	INGRESOS B
1	399.38	499.23
2	463.28	579.10
3	516.53	645.66
4	559.13	698.91
5	601.73	752.16
6	644.33	805.41
7	686.93	858.66
8	729.53	911.91
9	772.13	965.16
10	814.73	1018.41

1. Se os ingresos da unidade de convivencia son menores ou iguais que A correspondarelles a axuda.

2. Se superan os ingresos b a axuda será denegada.

Capítulo IV.-Do concepto de fogar independente

Artigo 15.

1.-Terá a consideración de fogar independente o marco físico de residencia estable dunha soa persoa, ou, de se-lo caso, de dúas ou máis, vinculadas por matrimonio ou calquera outra relación estable análoga á conxugal, por adopción, acollida ou por

parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o 4º e o 2º , respectivamente, con respecto do solicitante.

Capítulo V.-Da expedición

Artigo 16.



Os bonos de alimentos expediranse mensualmente por parte do/a técnico/a do Departamento de Servizos Sociais designado a tal efecto, unha vez recaída a resolución do Alcalde/sa-Presidente/a ou no suposto de Delegación do/a Concelleiro/a Delegado/a de Servizos Sociais, durante os días e horas que para tal efecto se sinalen, e incluírán os alimentos e produtos que figuran nos anexos III e IV deste Regulamento e que forman parte indisoluble do mesmo

Artigo 17.

Os beneficiarios destas prestacións poderán percibir a mesma en tanto subsistan as causas que motivaron a súa concesión, tendo a obriga de comunicar calquera cambio que se produza na súa situación socioeconómica aos efectos de ser valorada polos técnicos do Departamento de Servizos Sociais. Non obstante, mensualmente, procederase de oficio a revisar as causas que deron lugar á concesión.

En todo caso o período de desfrute máximo fixarase en 3 meses nun período de un ano para os beneficiarios dos bonos de alimentos . A duración máxima dos bonos A e B poderase prorrogar excepcionalmente, en casos moi puntuais e debidamente acreditados e xustificados, tanto documental como tecnicamente, cando concorran circunstancias de especial desprotección.

O solicitante que por motivos de presuposto non poida acceder a estas axudas quedará en lista de espera, ata unha próxima valoración efectuada con carácter mensual polo equipo do Departamento de Servizos Sociais.

Capítulo VII.-Da tramitación e resolución

Artigo 18.

1.-A tramitación destas prestacións iniciarase a instancia do interesado, mediante a presentación da solicitude en modelo normalizado que figura no anexo I deste Regulamento , que forma parte indisoluble do mesmo, no Rexistro Xeral deste

Concello, onde constarán os datos persoais do usuario e dos membros da unidade familiar, así como os datos económicos de ingresos e gastos .

2.-Xunto coa solicitude deberá achega-los documentos que de seguido se relacionan, xustificativos do cumprimento dos requisitos sinalados no Artg. 11 deste Regulamento.



- a) Fotocopia do DNI do solicitante e de tódolos membros do núcleo familiar en condicións de obtelo ou documento equivalente.
- b) Fotocopia do Libro de Familia.
- c) Volante de empadramento.
- d) Xustificación dos ingresos da unidade familiar (fotocopia da declaración do IRPF ou certificado de non estar incluído no censo de declarantes expedido pola Axencia Tributaria, certificado do Servizo de Desemprego indicando si percibe ou non prestación económica, ou no seu defecto, Declaración Xurada dos ingresos obtidos esporádicamente).
- e) Xustificación do gasto derivado do alugueiro da vivenda ou de amortización de vivendas de promoción pública, mediante a presentación dunha fotocopia do recibo de alugueiro ou documento pertinente no caso de amortización.
- f) Fotocopia do recibo do IBI no suposto de dispoñer de vivenda propia.
- g) Certificado de minusvalía no caso de que sexa procedente.

3.- No caso de ser admitida a solicitude o equipo multidisciplinar do Departamento de Servizos Sociais, poderá solicitar a documentación que considere precisa acreditativa da situación co demandante da prestación manifesta

Artigo 19.

1.-Recibida esta solicitude no departamento de Servizos Sociais, será informada polo equipo do departamento, que estimará, en función dos requisitos esixidos, a procedencia ou non da concesión da prestación social solicitada, emitindo proposta de resolución; en todo caso, o informe deberá reflecti-lo seguinte:

- a) Existencia de fogar independente, agás no suposto de exención previsto no art. 11.1 deste regulamento.
- b) Empadramento do solicitante e membros do núcleo familiar.
- c) Número de persoas que convivan no fogar e relación de parentesco entre eles.
- d) Descrición da vivenda: as súas condicións e réxime de tenencia.
- e) A posible existencia de familiares ou persoas coa obriga legal e posibilidades reais de prestación de alimentos.



f) Elabora-los obxectivos a seguir dentro do Programa de Familia.

Artigo 20.

A resolución das solicitudes de bonos de alimentos corresponderalle o Alcalde -Presidente ou no suposto de Delegación o Concelleiro/a Delegado/a de Servicios Sociais.

Artigo 21 .

Nos casos de extrema necesidade, con carácter urxente e puntual, poderán expedirse estas prestacións de alimentos e farmacia sen resolución do concelleiro, dándose conta a este no prazo máis breve posible, ben para que ratifique esta concesión puntual ou ben para que a prolongue no tempo, de acordo co establecido no art. 14 deste regulamento.

TÍTULO SEGUNDO. Das axudas para situacións de emerxencia social

Capítulo I.-Obxecto e natureza

Artigo 22.

O obxecto do presente título é o establecemento de axudas económicas de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas individuais ou familias.

Estas axudas configúranse como un dereito recoñecible para toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidas no presente Regulamento.

Esta prestación unicamente poderá concederse unha o ano por beneficiario

Artigo 23.

Estas axudas terán carácter finalista e serán compatibles con calquera outra prestación pública solicitada polo beneficiario.

Artigo 24.



As axudas para situacións de emerxencia engádense dentro do Programa de Emerxencia Social

Capítulo II.-Dos requisitos

Artigo 25.

Considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente tais como:

- 1.-Gastos destinados ao pago de aluguer ou da hipoteca .
- 2.-Gastos destinados a cubrir, con carácter urxente, gastos derivados da vivenda de carácter básico(luz, auga e gas)
- 3.- Gastos derivados da escolarización dos menores,libros de texto ou material escolar, e que en ningún caso percibiran ningunha outra axuda análoga para tal fin de calquera organismo.

Artigo 26.

Poderán seren beneficiarios das axudas para emerxencia social, as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

- 1.-Seren maiores de idade.
- 2.-Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello para poder optar ás axudas destinadas a cubri-los gastos previstos no art. 22.1.2.
- 3.-Non dispoñer de ingresos dabondo para afronta-los gastos derivados da situación de emerxencia.

Artigo 27.

Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos de aplicación da presente medida, aqueles que, obtidos polos membros do fogar en concepto de rendas, retribución, pensións ou calquera outro título, agás os de carácter finalista dirixidos á formación regrada así como o complemento de inserción previsto no art. 13 da Lei 9/91, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, non sexan superiores ó cento vintecinco por cento do importe do subsidio básico mailo complemento variable



en función dos membros do fogar, da renda de integración social de Galicia que lles correspondería de conformidade coa antedita Lei 9/91.

Solicitante(s)	INGRESOS A	INGRESOS B
1	399.38	499.23
2	463.28	579.10
3	516.53	645.66
4	559.13	698.91
5	601.73	752.16
6	644.33	805.41
7	686.93	858.66
8	729.53	911.91
9	772.13	965.16
10	814.73	1018.41

1. Se os ingresos da unidade de convivencia son menores ou iguais que A correspondarelles a axuda.
2. Se superan os ingresos b a axuda será denegada.

Capítulo III.-Da contía

Artigo 28.

1.-Establécese a cantidade de 200€ como contía máxima das axudas para situacións de emerxencia social, para cada unha das situacións sinaladas no art. 22.1.2 deste regulamento.

Capítulo IV.-Da tramitación e resolución

Artigo 29.

A tramitación destas axudas iniciarase mediante instancia do interesado, presentada no rexistro xeral do Concello (segundo modelo oficial que figura no anexo II deste regulamento), xunto coa seguinte documentación:



- a) Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade familiar, obrigados a obtelo.
- b) Volante de empadramento nos supostos fixados no art. 23.2 deste regulamento.
- c) Declaración xurada do solicitante na que se faga constar:
 - Que a contía dos ingresos obtidos polo solicitante e, no seu caso, polos membros do fogar, por calquera dos conceptos contemplados no art. 24 do presente regulamento, ascende á cantidade de ... pesetas.
 - Os bens e dereitos dos que é titular, achegando a xustificación documental que proceda.
 - Que as axudas e subvencións recibidas por este concepto ascenden á cantidade de ... pesetas.
- d) Presuposto dos gastos para os que precisa axuda.
- e). Xustificante dos ingresos da unidade familiar.
- f). Xustificación do gatso derivado do alugueiro ou d amortización da vivenda.
- g). Fotocopia do recibo do IBI no suposto de dispoñer de vivenda propia.
- h). Certificado de minusvalia se é o caso.

No caso de ser admitida a solicitude, o Departamento de Servizos Sociais poderá solicitar a documentación que considere precisa acreditativa da situación.

Artigo 30.

No prazo máximo de sete días hábiles, contados a partir da presentación da solicitude no rexistro xeral, o equipo multidisciplinar do departamento de Servizos Sociais, ou calquera dos seus membros, individualmente, cando a urxencia do caso así o demande, emitirá informe e proposta de resolución, que se remitirá á Intervención municipal para a súa conformidade.

Artigo 31.



A resolución da solicitude corresponderalle ó concelleiro-delegado de Servizos Sociais, quen deberá dictala dentro dos dous días seguintes á emisión do informe e proposta de resolución. Desta resolución darase conta á Intervención municipal.

A resolución seralle notificada ó interesado, no prazo máis breve posible, no lugar indicado por el mesmo para este fin.

En todo caso, entre a presentación da solicitude e a resolución non poderá transcorrer máis de oito días.

Artigo 32.

O pagamento destas axudas realizarase a prol do beneficiario, mediante ingreso mecanizado na conta corrente sinalada para tal fin,ou outras formas atendendo ás peculiares circunstancias de cada caso.

O solicitante que por motivos de presuposto non poida acceder a estas axudas quedará en lista de espera, ata unha próxima valoración efectuada con carácter mensual polo equipo do Departamento de Servizos Sociais.

TÍTULO TERCEIRO . DAS AXUDAS PARA EXENCIÓN DE TASAS NAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS.

Capítulo I.-Obxecto e natureza

A redución nos prezos públicos de actividades municipais configúrase como unha axuda para que aquelas familias que se atopan nas seguintes situación poidan participar igualmente nestas actividades.

1. Unidades familiares coas que se este a intervir dende Servizos Sociais e que se valore da idoneidade da participación nalgunha actividade e que pola súa situación sexa necesario a dita bonificación para acceder a bonificación.
2. Aquelas unidades familiares que sen estar a traballar con elas dende o Departamento de Servizos Sociais atópanse nunha situación económica precaria.

Priorizaráse este artigo para a concesión da bonificación da seguinte maneira:



1. Menores das unidades familiares(1 actividade por menor a cargo).
2. Actividades para formación de Adultos.(1 actividade por adulto).

Capítulo II.-Dos requisitos

Poderán seren beneficiarios das axudas para emerxencia social, as persoas que reúnan os requisitos seguintes:

- 1.-Seren maiores de idade.
- 2.-Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello para poder optar ás axudas destinadas a cubri-los gastos previstos no art. 22.1.2.
- 3.-Non dispoñer de ingresos dabondo para afronta-los gastos derivados da situación de emerxencia.

Artigo 33.

Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos de aplicación da presente medida, aqueles que, obtidos polos membros do fogar en concepto de rendas, retribución, pensións ou calquera outro título, agás os de carácter finalista dirixidos á formación regrada así como o complemento de inserción previsto no art. 13 da Lei 9/91, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social, non sexan superiores ó cento vintecinco por cento do importe do subsidio básico mailo complemento variable en función dos membros do fogar, da renda de integración social de Galicia que lles correspondería de conformidade coa antedita Lei 9/91.

Solicitante(s)	INGRESOS A	INGRESOS B
1	399.38	499.23
2	463.28	579.10
3	516.53	645.66
4	559.13	698.91
5	601.73	752.16
6	644.33	805.41
7	686.93	858.66
8	729.53	911.91
9	772.13	965.16
10	814.73	1018.41

1. Se os ingresos da unidade de convivencia son menores ou iguais que A, ou inferiores a B, correspondarelles a axuda.



2. Se superan os ingresos b a axuda será denegada.

Capítulo III.-Da contía

Importe total da actividade subvencionada.

Capítulo IV.-Da tramitación e resolución.

Artigo 34 .

A tramitación destas axudas iniciarase mediante instancia do interesado, presentada no rexistro xeral do Concello (segundo modelo oficial que figura no anexo II deste regulamento), xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade familiar, obrigados a obtelo.

b) Volante de empadramento nos supostos fixados no art. 23.2 deste regulamento.

c) Declaración xurada do solicitante na que se faga constar:

- Que a contía dos ingresos obtidos polo solicitante e, no seu caso, polos membros do fogar, por calquera dos conceptos contemplados no art. 24 do presente regulamento, ascende á cantidade de ... euros.

- Os bens e dereitos dos que é titular, achegando a xustificación documental que proceda.

- Que as axudas e subvencións recibidas por este concepto ascenden á cantidade de ...euros.

d) Relación Actividades elexidas e Nome Usuari@s.

e). Xustificante dos ingresos da unidade familiar.

f). Xustificación do gatso derivado do alugueiro ou d amortización da vivenda.

g). Fotocopia do recibo do IBI no suposto de dispoñer de vivenda propia.

h). Certificado de minusvalía se é o caso.

No caso de ser admitida a solicitude, o Departamento de Servizos Sociais poderá solicitar a documentación que considere precisa acreditativa da situación.

Artigo 35.



No prazo máximo de sete días hábiles, contados a partir da presentación da solicitude no rexistro xeral, o equipo multidisciplinar do departamento de Servicos Sociais, ou calquera dos seus membros, individualmente, cando a urxencia do caso así o demande, emitirá informe e proposta de resolución, que se remitirá á Intervención municipal para a súa conformidade.

Artigo 36.

A resolución da solicitude corresponderalle ó concelleiro- delegado de Servicos Sociais, quen deberá dictala dentro dos dous días seguintes á emisión do informe e proposta de resolución. Desta resolución darase conta á Intervención municipal.

A resolución seralle notificada ó interesado, no prazo máis breve posible, no lugar indicado por el mesmo para este fin.

En todo caso, entre a presentación da solicitude e a resolución non poderá transcorrer máis de oito días.

Artigo 37.

O pagamento destas axudas realizarase a prol do beneficiario, mediante ingreso mecanizado na conta corrente sinalada para tal fin,ou outras formas atendendo ás peculiares circunstancias de cada caso.

ARTIGO 38.

A presente ordenanza aplicarase en función dos presupostos asignados nos presupostos anuais do Concello de Ares, aplicándose a partida anual correspondente.

Disposición adicional

Como anexos I, II, III e IV do presente regulamento, publícanse o modelo tipo de instancia de solicitude da prestación social dos bonos de alimentos , de axudas de emerxencia social, e de redución nos prezos públicos de actividades municipais e a relación de alimentos a solicitar polas familias numerosas e non numerosas.



Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, unha vez cumprimentado o establecido no art. 70 en relación co art. 65 da Lei 7/85, do 2 de abril.

En Ares, a de de 2012

O Alcalde

Asdo. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

ANEXO I . SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

IPO DE PRESTACIÓN: (marcar cunha x a opción elexida).

Bono de Alimentos.

Axudas de Emerxencia Social



Exención Cotas Actividades Municipais.

1.-DATOS PERSOAIS E ECONOMICOS DO SOLICITANTE:

Nome e Apelidos

Idade.....DNI.....

Natural de

Enderezo

Teléfono.....

Traballo

Empresa

Contía mensualeuros.

Contía anualeuros.

Gastos mensuais: aluguer da vivenda ou amortización da vivenda de promoción pública
.....

2.-Datos economicos da unidade familiar:

.....

3.-Outros:

.....

Datos da unidade familiar

Apelidos e Nome dos membros	Data Nacemen.	Parentesco	Situación Labo.	Ingresos Mens.



Total ingresos:

Total gastos:

Diferencia ingresos -gastos:

Ares, a de de

Asdo.



Documentos a aportar:

- * Fotocopia DNI dos membros maiores de idade.
- * Volante de Empadramento.
- * Fotocopia da Declaración do IRPF ou Certificado de non estar incluído no Censo de Declarantes expedido pola Axencia Tributaria.
- * Certificado do INEM indicando si percibe ou non prestación económica.
- * Fotocopia do recibo do aluguer ou no suposto de vivenda de promoción pública fotocopia do documento xustificativo da amortización da mesma.
- * Fotocopia do recibo do I.B.I. en caso de dispoñer de vivenda propia.
- * Certificado de Minusvalía cando sexa procedente.
- * Declaración Xurada os ingresos obtidos esporádicamente.



ANEXO II Relación de alimentos a solicitar polas familias numerosas (familias con tres ou máis menores):

- Lácteos:

18 litros de leite

1 1/2 paq. de iogur.

- Froitas :

3 Kg. de laranxas

2 Kg. de mazás ou peras.

-Legumes:

1 1/2 de lentellas

1 1/2 de arroz

-Pastas:

2 Kg. de macarróns.



2 Kg. de espaguetis

-Embutidos:

300 grs de queixo.

300 grs. de xamón cocido

300 grs. de "choped" ou mortadela.

-Carnes:

1 kg de polo

1 Kg. de carne picada cerdo

2 paquetes de lomos

-Peixes:

2 Kgs. de peixe conxelado

-Verduras e hortalizas:

½ kilo judias.

1 leituga.

8 tomates

6 Kgs. de patacas.

-Envasado:

2 latas de tomate.

-Outros productos :

3 litros de aceite de Xirasol

2 ducias de ovos



1 Kg. de fariña


2 Kgs. de azucre

1 bote " Cola-Cao".

1 paquete de galletas de oferta.

-Hixiene-limpeza:

1 champú.

ANEXO IV  Relación de alimentos a solicitar polas familias non numerosas (familias con dous menores ou menos):

PUNTO 5º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARES E DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVICIO DE AXUDA DO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA AS PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES.

Dase conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor literal:



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARES E DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA E AS PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES.

Achegase proposta de modificación do regulamento do servizo de axuda no fogar do concello de ares e da ordenanza reguladora do prezo publico do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e as persoas valoradas como dependentes.

unha vez actualizados os importes das tarifas segundo a seguinte proposta:

PRIMEIRO .-. Modificar os seguintes artigos do regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Ares, que quedaría redactado da seguinte maneira:

Artigo 20 .-. Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

1.Para os supostos non que non proceda a exención no prezo público a achega, en todo caso respectará os limites establecidos no decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, segundo as tarifas contidas nas táboas de copagamento da presente ordenanza.

TABOAS DE COPAGAMENTO

USUARIOS DE ACCESO DIRECTO (DEPENDENCIA).



	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
CAPACIDAD ECONOMICA (REFERIDA O IPREM)	20 HORAS	30 HORAS	40 HORAS	55 HORAS	70 HORAS	90 HORAS
Inferior ou igual ao 100% do Ipem	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do Ipem.	4.52%	6.56%	8.59%	11.42%	14.17%	18.09%
Maior do 115 % e menor ou igual ao 125% do Ipem.	5.41 %	7.84 %	10.28 %	13.66 %	17.31 %	21.64 %
Maior do 125 % e menor ou igual ao 150 % do Ipem.	5.55 %	8.05 %	10.54%	14.01%	17.76%	22.19%
Maior do 150 % e menor ou igual ao 175 % do Ipem.	5.65%	8.19%	10.73%	14.26%	18.07%	22.59%
Maior do 175 % e menor ou igual ao 200 % do Ipem.	5.72%	8.30%	10.87%	14.45%	18.31%	22.89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215 % do Ipem.	5.81%	8.42%	11.03%	14.66%	18.58%	23.23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250 % do Ipem.	6.03%	8.75%	11.46%	15.24%	19.31%	24.14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300 % do Ipem.	6.24%	9.05%	11.86%	15.76%	19.97%	24.97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do Ipem.	6.42 %	9.30%	12.19%	16.20%	20.53%	25.66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400 % do Ipem.	6.54 %	9.48%	12.42%	16.51%	20.93%	26.16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% do Ipem.	6.63 %	9.62%	12.60%	16.75%	21.22%	26.53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500 % do Ipem.	6.70 %	9.72%	12.74%	16.93%	21.45%	26.82%



Superior ao 500% do Iprem	6.76 %	9.80%	12.84%	17.07%	21.63%	27.04%
---------------------------	--------	-------	--------	--------	--------	--------

USUARIOS DE LIBRE CONCORRENCIA.

INGRESOS EN RELACION O IPREM	COPAGO(% CUSTO SERVIZO).
Menor ou igual ao 80 % Iprem	0 %
Mais do 80% ata o 150% Iprem	20%
Mais do 150 % ata o 200% Iprem	40%
Mais do 200% ata o 250% Iprem	60 %
Mais do 250 % Iprem	80%

O porcentaxe de copago revisarase anualmente, polo que a persoa usuaria achegará a documentación que lle sexa requirida oportunamente.

SEGUNDO:

Modificar os seguintes artigos da ordenanza reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes.

Achegase proposta de modificación da ordenanza reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes unha vez actualizados os importes das tarifas segundo a seguinte proposta:

Artigo 4: Coste do Servizo.

4.1.-.



A contía do prezo público regulado no presente acordo será fixado nas tarifas contidas nos apartados seguintes referida a unha hora de prestación do servizo, e que se determinará do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para aplicación das tarifas do presente artigo, o importe do prezo público será de **18.42 € / Hora** para os usuarios do servizo por libre concorrencia e de **15.35€ / Hora** para os usuarios do servizo por Dependencia(se aplicará anualmente o IPC Correspondente).

O abeiro do establecido no artigo 47.1 do texto refundido da Lei Reguladora das FACENDAS Locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación de ditos importes en función das variacións no custe do servizo.

O cálculo do custe do servizo se realizará en función do número de horas prestadas polo prezo/ hora do servizo.

4.2.-. A participación das persoas usuarias na financiación do servizo será a seguinte:

1.Para os supostos non que non proceda a exención no prezo público a achega, en todo caso respectará os limites establecidos no decreto 99/2012, do 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, segundo as tarifas contidas nas táboas de copagamento da presente ordenanza.

TABOAS DE COPAGAMENTO

USUARIOS DE ACCESO DIRECTO (DEPENDENCIA).

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II	NIVEL I	NIVEL II
CAPACIDAD ECONOMICA	20	30	40	55	70 HORAS	90 HORAS



(REFERIDA O IPREM)	HORAS	HORAS	HORAS	HORAS		
Inferior ou igual ao 100% do Iprem	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do Iprem.	4.52%	6.56%	8.59%	11.42%	14.17%	18.09%
Maior do 115 % e menor ou igual ao 125% do Iprem.	5.41 %	7.84 %	10.28 %	13.66 %	17.31 %	21.64 %
Maior do 125 % e menor ou igual ao 150 % do Iprem.	5.55 %	8.05 %	10.54%	14.01%	17.76%	22.19%
Maior do 150 % e menor ou igual ao 175 % do Iprem.	5.65%	8.19%	10.73%	14.26%	18.07%	22.59%
Maior do 175 % e menor ou igual ao 200 % do Iprem.	5.72%	8.30%	10.87%	14.45%	18.31%	22.89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215 % do Iprem.	5.81%	8.42%	11.03%	14.66%	18.58%	23.23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250 % do Iprem.	6.03%	8.75%	11.46%	15.24%	19.31%	24.14%
Maior do 250% e menor ou igual ao 300 % do Iprem.	6.24%	9.05%	11.86%	15.76%	19.97%	24.97%
Maior do 300% e menor ou igual ao 350% do Iprem.	6.42 %	9.30%	12.19%	16.20%	20.53%	25.66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400 % do Iprem.	6.54 %	9.48%	12.42%	16.51%	20.93%	26.16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% do Iprem.	6.63 %	9.62%	12.60%	16.75%	21.22%	26.53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500 % do Iprem.	6.70 %	9.72%	12.74%	16.93%	21.45%	26.82%
Superior ao 500% do Iprem	6.76 %	9.80%	12.84%	17.07%	21.63%	27.04%



USUARIOS DE LIBRE CONCORRENCIA.

INGRESOS EN RELACION O IPREM	COPAGO(% CUSTO SERVIZO).
Menor ou igual ao 80 % Iprem	0 %
Mais do 80% ata o 150% Iprem	20%
Mais do 150 % ata o 200% Iprem	40%
Mais do 200% ata o 250% Iprem	60 %
Mais do 250 % Iprem	80%

TERCEIRO.-. Expoñer o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da entidade durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e prestar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non houbera presentado reclamacións, entenderanse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría, e o texto integro da Ordenanza Fiscal e do Regulamento, sen que entren en vigor ata que s eleve a cabo a devandita publicación e unha vez transcurridos quince días dende a súa publicación integra no boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, Reguladora das BASES DE Réxime Local.

CUARTO .-. Faculta-lo Alcalde Presidente para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.



_ Toma a palabra o SR. Alcalde-Presidente, manifestando que o calculo para pagar este servizo vai en proporción loxicamente os ingresos, e hai uns tramos e cada tramo loxicamente se corresponde cunha cuota, esos tramos foron modificados pola Xunta e en consecuencia temos que adaptar nos tramos os novos tramos, aprobados, e en consecuencia esta é o alcance da modificación.

Aberto un turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Manifestado que simplemente vai a votar a favor porque ademáis é de obrigado cumprimento según nos informou o Sr. Secretario na Comisión esto está aprobado pola Xunta e entonces haberá que adaptalos o novo organigrama que ven aquí, entonces esto é si ó si, polo tanto o noso voto vai a ser afirmativo.

Interven o Voceiro do Grupo Municipal do BNG SR. Mesías Farías: No punto número 4 onde ven o prezo público, nos temos algunhas dúbidas que son consecuencia do que xa tiñamos plantexado, o tiña plantexado meu compañeiro en Comisións que é referido ó Decreto no artigo 44 punto 3 onde di certificacións, relativo a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais no punto número 3 a certificación dos ingresos efectivamente recadados por financiamento dos servizos en concreto os ingresos por copagamento do servizos polas persoas usuarias, e punto número 4 memoria financeira, o punto número 5 memoria técnica e o punto núm. 7 relación de persoas usuarias, todos estes datos incluso o punto núm. 8, calquer outro documento ou informe que se considere necesario para acreditar a adecuada situación do proxecto financiado, todos estes datos os solicitamos reiteradas veces, e aínda non os temos, polo tanto, a nosa posición vai a ser a abstención.

Acto seguinte intervén o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: A mín me chama a atención despois de saber o coste da hora que pon 18,42 euros e 15,35 e me parece que a Empresa a nos, cobranos 12 euros, eu quería saber por parte do Sr. Secretario se fai un informe de esto se a Administración se pode enriquecer con este servizo, temos unha empresa que nos cobra a 12 euros e nos vamos a subilo a 18 e a 15, eu creo que.

Sr. Alcalde: Manuel por favor mira como se aplica, e que tes que ver como se aplica, 18 euros e o prezo que establece a Xunta para o calculo e de ahí pagan un 20 por cento sempre, entonces nos lle pagamos á empresa un fixo 12 euros, pero eles poñen 18 para calcular o porcentaxe que paga o usuario que nunca é, vai a tabla o máximo é un 80%, entonces o que máis paga nunca pasa do prezo de hora da empresa. Entonces ese é o calculo base, é a referencia. Sempré e menor que o custe real por eso pagamos unha diferenza de 400.000 euros ó ano. Como cada concello ten fixados uns prezos coas empresas, uns están a 12 euros, outros 13, ou 14 euros, entonces a Xunta pon un prezo estable que son 18, pagues o que lle pagues á empresa, entonces unifica a referencia para o calculo da cuota, e que senón cada Concello ten a súa empresa, e non da nin para pagar absolutamente nada.



Sr. Manuel Cendán: teño que decirte a ti Manolo que este te o preguntei a ti hai medio ano, e non me diches está explicación, eu te preguntei como se pode cobrar a hora a 18 euros cando a empresa cobra a 12 e non me diches explicación, eres o asesor da Corporación e creo que me debiches dicir esto.

Resposta o Sr. Secretario que foi unha pregunta telefónica, e eu non vin as tablas, a parte che dixen que pasou por Comisión Informativa.

Acto seguinte sometese a votación e o Pleno da Corporación por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE e 1 NAL e 5 abstencións 4 PP e 1 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO 6º.- ACORDO SE PROCEDE DA NON DISPONIBILIDADE DE CRÉDITOS ORZAMENTO 2012.-

Dase conta do Informe do Sr. Secretario-Interventor que seguidamente se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

Asunto : Non dispoñibilidade de crédito no orzamento 2012.

O apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto-L-ei 20/2012, "Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público", establece a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente á paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, nos seguintes termos:

"No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22. 1 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do devandito mes".

A aplicación do disposto nestas, obriga as Entidades locais, ao igual que ao resto do sector público, a cumprir cunha tripla obriga en relación ás retribucións a percibir, no presente ano 2012, polo persoal ao seu servizo:



- 1) Supresión da paga extraordinaria, e das pagas adicionais de complemento de destino ou equivalentes, correspondentes ao mes de decembro.
- 2) Redución das retribucións anuais previstas, no importe correspondente ás citadas pagas.
- 3) Que os importes das retribucións a percibir polo persoal no presente ano, non superen, en ningún caso, e en termos de homoxeneidade, os subscritores no ano 2011, diminuídos na contía das pagas a suprimir.

Segundo o Apartado 4 do citado artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, "as cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes dacordo co disposto neste artigo destinaranse en exercicios futuros a realizar achegas a plans de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Presupostaria e Sosteñibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes leis de presupostos". Este apartado establece a obriga de:

- 1) Inmobilizar, no presente exercicio, os créditos previstos para o abono das citadas pagas.
- 2) Afectar estes créditos á fin que no propio artigo se cita (achegas a plans de Pensións ou similares), sen que poidan destinarse a ningún outro obxecto, nin no presente exercicio, nin en exercicios futuros.

Co fin de declarar como non dispoñibles estes créditos, a inmovilización da cal e destino estableceu a Lei, as Entidades locais deberían ditar, polo importe correspondente, Acordo de non dispoñibilidade, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo o cal:

1. "A non dispoñibilidade de crédito derívase do acto mediante o cal se inmoviliza a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha partida presupostaria, declarándoo como non susceptible de utilización.
2. A declaración de non dispoñibilidade non suporá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao presuposto do exercicio seguinte.
3. Corresponderá a declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como o seu reposición a dispoñible, ao pleno da entidade".



Para efectuar a estimación no importe da paga extra empregouse o dato da paga extra do mes de xuño eliminando os importes que correspondan con proxectos temporais xa rematados.

Finalmente é de suliñar a Nota Informativa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas relativa á aplicación polas Entidades Locais do disposto nos artigos 2 dpo Real Decreto-Lei 20/2012, de Medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e 22 da lei 2/2012, de Orzamentos Xerais do Estado para o presente exercicio, indicando que a fin de decrarar como non disponibles estes créditos, cuxa inmovilización e destino estableciu a Lei, as Entidades Locais deberían dictar, por importe correspondente, Acordo de non dispoñibilidade, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, nos termos xa descritos nos puntos 1, 2 e 3.

PERSONAL	ESTIMACIÓN PAGA EXTRA DECEMBRO 2012
Funcionarios integrados	6.797,43 €. 1.954,53 €.
Funcionarios novo ingreso	20.973,20 €.
Persoal laboral	11.998,45 €. 19.870,47 €. 4,071,05 €.

TOTAL

65.665,13 €.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime convinte.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que o Ministerio de Facenda nos envía unha nota informativa e nos esixe un acordo expreso de non dispoñibilidade de créditos, e dicir é un acordo expreso de que ese diñeiro non se via a gastar, e por imperativo legal, porque non o compartimos, pero por imperativo legal o temos que traer o Pleno e aprobalo, sabemos que non debería de pagar a crise a clase traballadora e antes de quitarlle a paga extra os traballadoras pois hai SICAPS e grandes fortunas e transaccións bancarias as que gravar con impostos pero efectivamente é unha decisión e temos que aprobar esa non dispoñibilidade.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Luis Cendán: Non quero abrir un debate pero esto da para argumentar largo e tendido pero simplemente como dixen na anterior intervención miña, esté é un asunto de obrigado cumprimento o Real Decreto 20/2012 que nos obriga as adminsitracións a cumprir



con el en canto as retribucións anuais para o 2012 das pagas extras e entonces os empregados somos todos e aquí as Administracións Locais como ven explicaba o Sr. Alcalde, sabemos que a lexislación pola que se rixe é diferente á da Administración Publica Autonómica e Central, e había algúns suterfuxios onde por manifestacións se querían basar para tratar de eludir o cumprimento deste Real Decreto e entonces mandou Facenda unha nota aclarativa que nos obriga a aprobar no Pleno, polo tanto e de obrigado cumprimento e non hai máis que acátalo, polo tanto o meu voto vai a ser a favor da non disponibilidad do cretido do orzamento 2012.

Toma a palabra o voceiro do BNG SR. Mesias Farías: o único que fai o escrito do Sr. Secretario é explicar en que consiste a aplicación deste Real Decreto no caso do Concello de Ares, esto xa o tiñamos falado, e de feito intentamos presentar unha Moción ó respecto, entonces nos o que dicimos simplemente é que aquí obrigan dalgunha maneira a dicir que sí, como agora acaba de recoller o Sr. Alcalde, en algo que el pensa que non, logo estamos nun punto bastante fastidiado porque é recoñecer dalgunha maneira e asumir que o están facendo mal arriba e que nos temos que dicir que si que o están facendo ben, polo tanto eu quero saber se hai votande política para compensar a perda do poder adquisitivo dos traballadores e saber de procurar a fórmula para facer está compensación, nos non falamos da paga extra senon o que falamos é que unha vez que retiran a paga extra se o Concello está disposto a compensar a perda do poder adquisitivo que non é pagar a paga extra, e eu me pregunto se durante este ano o Sr. Alcalde ou o grupo de Goberno, se a algún traballador lle deu algunha paga por compensación por produtividade ou algo así, e se é así pois xustamente eso e o que se podía facer co resto dos traballadores e non entraríamos en colisión para nada co Decreto.

Toma a palabra o Voceido do PP Sr. Manuel Cendán, manifestando que vou a dicir que hai que cumprir a Lei, nos vamos a votar a favor, pero quero facer unha pregunta á vista dalgunha afirmación do Sr. Alcalde os medios de comunicación, ¿Qué pensan facer os Concelleiros que teñen adicación exclusiva, a van a cobrar ou non a van a cobrar?.

O Sr. Alcalde: Este loxicamente é un imperativo legal, e en consecuencia eu podo ter toda a vontade do mundo para intentar compensar os traballadores, pero agora mesmo se vamos a aprobar a non disponibilidad do crédito pois xa me diras con que diñeiro, porque esos 65.000 euros xa vamos a aprobar aquí que non vamos a dispoñer deles, entonces xa me diras como, entonces efectivamente parece que esto é unha medida transitoria se supón, que si non nos volven a mentir, parece ser que o



ano que ven se restablecía, pois se o ano que ven non hai este límite nin esta situación pois poderíamos mirar, non so que os traballadores non so cobraran a paga extra o ano que ven, senon ao mellor algún tipo de compensación, para efectivamente intentar atemperar a perda do poder adquisitivo, pero evidentemente vontade política toda, capacidade política ningunha. E en canto os Concelleiros, se efectivamente os traballadores non cobran a paga extra, está claro que o equipo de Goberno tampouco vai a cobrar a paga extra, evidentemente é unha cousa que cae de caixon e desde o punto da vista da ética política sería infumable que evidentemente non compartindo unha medida que evidentemente os traballadores non poden evitar pois que efectivamente o Grupo de Goberno a evitara, polo tanto non o vai a evitar, e esta claro que como vamos a cotizar aínda que non a cobremos vamos a cotizar por ela, decidiremos nos en que se aplica, porque efectivamente está claro que vamos a tributar por ela, eu aínda que non a vaia a cobrar nin os concelleiros do grupo de goberno, sen embargo a vamos a pagar no IRPF entonces evidentemente non é unha disposición legal que determina que non se poda cobrar, se non que é unha renuncia entonces evidentemente non sei si se tramitará como donación ou como se poderá tramitar, pero evidentemente esta claro que como vamos a tributar por ela pois vamos a reservarnos nos o dereito de dispoñer libremente a que a vamos a aplicar, o outro día viña que un Alcalde a aplicaba ó amaño dunha igrexa, entonces non sei nos a que a vamos a aplicar, pero evidemente como tributamos por ela e é unha renuncia pois si determinaremos a que vamos a destinar o diñeiro de nosas pagas extras.

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesias Farias: entonces eu pregunto os Concellos que de algunha maneira acordaron compensar a perda de poder adquisitivo que é o que lles vai pasar, porque si ti nos dis que non hai maneira de facer esto.

Sr. Alcalde, non o van a facer, o din pero non o van a facer porque o Interventor vai a reparar e cando vexan o reparo do Interventor antes de ir a Fiscalia, porque evidemente está claro que é un tema complicado, non o van a facer. Dirixíndose o Sr. Secretario Interventor preguntalle se ti me repararías se eu o intento pagar.

Resposta o Sr. Secretario que sí.

O Sr. Alcalde, o secretario me di expresamente que o repara, eu que fago a pago igual, non podo, eu me imaxino que o resto dos Concellos lles vai a pasar igual, cando teñan enriba o reparo do Interventor a ver quen asina, e moi bonito dicilo pero logo hai que asinar.



Vista la promulgación del Real Decreto-Ley 20/2012, en especial el artículo 2, apartados

1 y 4 "Paga extraordinaria del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público", así como la nota informativa del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas relativa a la aplicación por las entidades locales de lo dispuesto en los artículos

2 del Real Decreto-Ley 20/2012. de Medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad y 22 de la Ley 2/2012, de Presupuestos Generales del Estado para 2012,

En su virtud procede de conformidad con el artículo 33 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, aprobar acuerdo de no disponibilidad.

Visto el informe de Secretaría de 18-10-12, el Pleno del Ayuntamiento, previa deliberación acuerda por mayoría de 10 votos a favor de los grupos municipales del P.S.deG-P.S.O.E. (5), P.P. (4) y Nal (1) y uno en contra del grupo municipal del B.N.G., declarar la no disponibilidad de los siguientes créditos :

PERSONAL	ESTIMACIÓN PAGA EXTRA DICIEMBRE 2012
Funcionarios integrados	6.797,43 €. 1.954,53 €.
Funcionarios nuevo ingreso	20.973,20 €.
Personal laboral	11.998,45 €. 19.870,47 €. 4,071,05 €.
TOTAL	65.665,13 €.

PUNTO 7º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO TEITO DE GASTO E LINEAS XERAIS ORZAMENTO 2013.-

Dase conta do Informe de Secretaria-Intervención que seguidamente se transcribe:

“INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS E LIMITE DE GASTO NON FINANCEIRO PARA O ORZAMENTO 2013

Lexislación aplicable



- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei Orgánica 2/2011, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira
- Real Decreto Legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, regulamento dá Lei de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.

INFORME

En relación co expediente de aprobación do límite do gasto non financeiro, ou teito de gasto, e liñas fundamentais dos orzamentos do 2013, reguladas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, emítese o seguinte informe:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Contido normativo

A regulación da materia está contida fundamentalmente nos artigos 27 e 30 da citada lei que sinala o seguinte



Artículo 27. Instrumentación del principio de transparencia.

1. Los Presupuestos de cada Administración Pública se acompañarán de la información precisa para relacionar el saldo resultante de los ingresos y gastos del Presupuesto con la capacidad o necesidad de financiación calculada conforme a las normas del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales.

2. Antes del 1 de octubre de cada año, las Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas información sobre las líneas fundamentales que contendrán sus Presupuestos, a efectos de dar cumplimiento a los requerimientos de la normativa europea.

3. El Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas podrá recabar de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales la información necesaria para garantizar el cumplimiento de las previsiones de esta Ley, así como para atender cualquier otro requerimiento de información exigido por la normativa comunitaria.

La información suministrada contendrá, como mínimo, los siguientes documentos en función del periodo considerado:

a) Información de los proyectos de Presupuestos iniciales o de los estados financieros iniciales, con indicación de las líneas fundamentales que se prevean en dichos documentos.

b) Presupuesto general o en su caso estados financieros iniciales, y cuentas anuales de las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales.

c) Liquidaciones trimestrales de ingresos y gastos, o en su caso balance y cuenta de resultados, de las Corporaciones Locales.

d) Liquidaciones mensuales de ingresos y gastos de las Comunidades Autónomas.

e) Con carácter no periódico, detalle de todas las entidades dependientes de las Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales incluidas en el ámbito de aplicación de la Ley.

f) Cualquier otra información necesaria para calcular la ejecución presupuestaria en términos de contabilidad nacional.

4. La concreción, procedimiento y plazo de remisión de la información a suministrar por Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales, así como la documentación que sea objeto de publicación para conocimiento general, serán objeto de desarrollo por Orden del Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas, previo informe del Consejo de Política Fiscal y Financiera de las Comunidades Autónomas y de la Comisión Nacional de Administración Local, en sus ámbitos respectivos.

5. Con el fin de dar cumplimiento al principio de transparencia y a las obligaciones de publicidad derivadas de las disposiciones de la Ley, el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas podrá publicar información económico-financiera de las Administraciones Públicas con el alcance, metodología y periodicidad que se determine conforme a los acuerdos y normas nacionales y las disposiciones comunitarias.

6. El incumplimiento de las obligaciones de suministro de información y transparencia derivadas de las disposiciones de esta ley podrá llevar aparejada la imposición de las medidas previstas en el artículo 20.

Artículo 30. Límite de gasto no financiero.

1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de



estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

Segundo.- Liñas fundamentais dos orzamentos e límite de gasto non financeiro

Segundo a proposta da Alcaldía, as liñas fundamentais dos orzamentos de 2013, son en esencia, o cumprimento do Plan de Axuste tramitado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo de 2012, o cal á súa vez foi informado favorablemente pola Secretaría Xeral do Ministerio e Facenda e Administracións Públicas o 30 de abril do 2012.

Na proposta da Alcaldía sinálase que non están previstos cambios sustanciais en materia de persoal, agás as impostas polos gobernos centrais e autonómicos, nin modificacións fundamentais nos importes dos gastos correntes ou transferencias, salvo derivadas do propio Plan de Axuste, tais como a modificación dos tipos impositivos do IBI e ordenanzas fiscais da taxa por recollida da basura, taxa pola distribución de auga, IVTM, prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia e a persoas valoradas como dependentes, taxa pola prestación de servizos socio-culturais, deportivos e de ocio, taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas, taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e sillas; e doutro lado respecto aos gastos, coa adopción de medidas estruturais de redución do gasto corrente nos termos previstos no devandito Plan de Axuste.

É dicir, no lado dos gastos, prevese unha redución na contía de 476.993,43 €, correspondendo ao Capítulo VI unha redución de 245.184,62 €.

En materia do Plan de Cooperación de Obras e Servizos (POS) manteñense as previsións do 2012, ao non ter datos para o 2013, pero non se contemplan alteracións de importancia.



É de destacar os traballos iniciados por este Concello da alta no catastro de urbana de inmobles que non se atopaban tributando, continuando a Xerencia Rexional do Catastro de Galicia-A Coruña, a contratación para os traballos de incorporación de construcións omitidas no Municipio de Ares.

Os datos son compatibles co escenario previsto no Plan de Axuste, sendo o cadro que se achegaba no mesmo o seguinte (en miles de euros):

	Tasa anual crecemento media		
INGRESOS	2009-2011	2012	2013
Ingresos corrientes	0,07	4.952,97	5.739,44
Ingresos de capital		436,27	464,81
Ingresos no financeiros		5.389,24	6.204,25
Ingresos financeiros		2.806,85	
Ingresos totales		8.196,09	6.204,25

GASTOS	2012	2013
Gastos corrientes	4.202,13	4.219,81
Gastos de capital	532,97	287,79
Gastos no financeiros	4.735,10	4.507,60
Gastos operacións financieras	202,03	195,26
Gastos totales	4.937,13	4.702,86

ENDEUDAMIENTO



	2012	2013
Deuda viva a 31 de diciembre	4.368,33	4.173,06
A corto plazo	0,00	0,00
A largo plazo :	4.368,33	4.173,06
- Operación endeudamiento RDI 4/2012	2.805,87	2.805,87
- Resto operaciones endeudamiento a l.p	1.562,46	1.367,19

	2012	2013
Anualidades operaciones endeudamiento a largo plazo	330,38	375,11
Cuota total de amortización del principal:	202,03	195,26
- Operación endeudamiento RDI 4/2012	0,00	0,00
- Resto operaciones endeudamiento a l.p	202,03	195,26
Cuota total de intereses:	128,35	179,85
- Operación endeudamiento RDI 4/2012	86,90	142,24
- Resto operaciones endeudamiento a l.p	41,45	37,61

MAGNITUDES FINANCIERAS Y PRESUPUESTARIAS

	2012	2013
Ahorro bruto	750,84	1.519,63
Ahorro neto	548,81	1.324,37



Saldo de operaciones no financieras	654,14	1.696,65
Ajustes SEC (en términos de Contabilidad Nacional)	1.050,14	-0,65
Capacidad o necesidad de financiación	1.704,28	1.696,01

Remanente de tesorería gastos generales	2.694,94	1.718,94
Obligaciones pendientes de pago ejercicios cerrados	2.235,32	2.129,25
Derechos pendientes de cobro ejercicios cerrados	1.654,97	1.721,17
SalDOS de dudoso cobro	740,80	654,45
Saldo obligaciones pendientes de aplicar al ppto al 31/12	0,00	0,00
Periodo medio de pago a proveedores	98,44	91,55

Na súa virtude, tendo en conta o escenario que contempla o Plan de Axuste, e a diferencia entre ingresos (capítulos 1 a 9) e os gastos financeiros (capítulos 3 e 9), obteríase unha cifra de 6.184.544,15 €.; hai que ter en conta que a operación de préstamo do R.D.L. 4/2012, ten dous anos de carencia en amortización e dado que o orzamento 2012 presenta un estado de ingresos/gastos de 4.554.060,47 €., prevendo o Plan de Axuste unha redución no estado de gastos na contía de 476.993,43 €., arroxaría un límite de gasto non financeiro ou teito de gasto por importe de **4.077.067,00 €.**

CONCLUSIONES

-O presuposto de 2013 contempla como liñas fundamentais a drástica contención do gasto, coas debidas adaptacións co Plan de Axuste e as circunstancias coñecidas no momento de elaboración do presente informe.

-A previsión de ingresos de 2013, moi ambiciosa prevista no Plan de Axuste, considerando o gasto financeiro do mesmo ano, daría un límite de gasto non financeiro distorsionado polo motivo de que a operación de préstamo a longo prazo do R.D.L. 4/2012, ten dous anos de carencia, cando as medidas estruturais de incrementos dos ingresos e redución dos gastos xa teran virutalidade en dito



exercicio; vendo prudente dado o seu carácter máis restrictivo a contía sinalada de **4.077.067,00 €.**, compatible coas determinacións do Plan de Axuste.

Na súa virtude, infórmase favorablemente a proposta de determinacións das liñas fundamentais para o orzamento 2013 e do límite de gasto non financeiro para dito exercicio.”

Vista la propuesta de la Alcaldía del siguiente tenor literal:

"A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, contempla no artigo 27 que as entidades locais deberán aprobar antes do 1 de outubro as liñas fundamentais dos orzamentos para o vindeiro ano e no artigo 30 obriga a aprobar un límite de gasto non financeiro.

No parágrafo cuarto do citado artigo 27 dispónse que a concreción, procedemento e prazo de remisión da información a suministrar polas Corporacións Locais, así como a documentación que sexa obxecto de publicación para coñecemento xeral, serán obxecto de desenrolo por Orden do Ministro de Facenda e Administracións Públicas, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local.

Dito desenrolo tivo lugar mediante a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera (BOE núm. 240, do 05-10-12).

No lugar dos ingresos, as previsións adaptan os datos recollidos no orzamento de 2012, aprobado definitivamente o pasado 26 de abril de 2012 (BOP núm. 87, do 09-05-12) e por tanto, de recente tramitación, coas adaptacións derivadas da execución orzamentaria.

É de suliñar que este Concello de conformidade co establecido na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto-Lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para a financiación dos pagos a provedores, en relación coa aprobación do plan de axuste previsto no artigo 7 do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais; procedeu á elaboración, tramitación e aprobación dun plan de axuste por acordó Plenario na sesión do día 28 de marzo de 2012, sendo remitido por vía telemática con sinatura electrónica o mesmo día ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Do contido do plan de axuste, situación actual e previsións, así como axustes propostos no plan, o devandito plan de axuste foi informado favorablemente pola Secretaria Xeral do



Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril do 2012, habendo sido obxecto de aprobación inicial a modificación das Ordenanzas Fiscais co obxecto do plan de axuste na sesión Plenaria do día 28 de marzo do 2012, sendo publicado o Edicto no B.O.P. núm. 148, do 6 de agosto do 2012 sen que se houberen presentado recalamácións ou alegacións.

As liñas fundamentáis do orzamento 2012 viran determinadas polo plan de axuste que terá eficacia no exercicio 2013, poidendo resumirse respecto aos ingresos correntes no incremento dos tipos impositivos do IBI, ordenanzas fiscais da taxa por recollida da basura, taxa pola distribución de auga, IVTM, prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia e a persoas valoradas como dependentes, taxa pola prestación de servizos socio-culturais, deportivos e de ocio, taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas, taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e sillas; e doutro lado respecto aos gastos, coa adopción de medidas estruturáis de redución do gasto corrente nos termos previstos no devandito plan de axuste.

É dicir, no lado dos gastos, non se prevén reducións substanciaís, en materia de persoal, agás as impostas pola administración central ou autonómica. Nos gastos e transferencias correntes, non se prevén alteracións cuantitativas de importancia, no global das partidas. As demais partidas tampouco sufrirán alteracións significativas, sendo uns presupostos continuistas e conforme a senda de austeridade e de contención do gasto público.

En materia do Plan de Cooperación de Obras e Servizos (POS) manteñense as previsións do 2012, ao non ter datos para o 2013, pero non se contemplan alteracións de importancia.

É de destacar os traballos iniciados por este Concello da alta no catastro de urbana de innobles que non se encontran tributando, continuando a Xerencia Rexional do Catastro de Galicia-A Coruña, a contratación para os traballos de incorporación de construcións omitidas no Municipio de Ares.

Por outra banda, no lado do límite do gasto non financeiro, ou teito de gasto, tendo en conta o anterior, pola Secretaría-Intervención cuantificouse un límite de gasto non financeiro de 4.077.067 €, compatible coas determinacións do Plan de axuste aprobado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012.

En relación co expediente de aprobación do límite do gasto non financeiro, ou teito de gasto, e liñas fundamentáis dos orzamentos do 2013, reguladas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira,

Polo exposto, PROPOÑO O PLENO DO CONCELLO:

Primeiro.- Aprobar as liñas fundamentáis para o orzamento 2013, que consistirán no seguimento das medidas previstas no Plan de Axuste, actualización de tipos impositivos e medidas estruturais de gasto corrente, o que suporá un incremento de ingresos correntes por importe de 518.156,38 €, e unha redución de gastos por importe de 476.993,43 €, destacando o Cap. VI do orzamento de gastos que no ano 2012 supuxo 532.972,17 €, pasa ao exercicio 2013 a unha contía anual de 287.787,55 €, supoñendo unha redución de 245.184,62 €.



Segundo.- Aprobar o límite de gastos non financeiro, ou teito de gasto, para o orzamento 2013 a cantidade de 4.077.067 €

Terceiro.- Remitir o acordó ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas"

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Simplemente dicir que as liñas veñen por Lei, hai que adaptalas e en cantos os parámetros que están establecidos no Plan de Axuste, eu creo que as liñas xerais van por ahí, nos están limitando para comprobar e facer un seguimento por parte do Estado para que os Concellos se axusten ben o Plan que aprobaron polo tanto as liñas xerías que van a estar marcadas no 2013 teñen que estar especificamente, facer constancia o que pon aquí o informe de axuste e adaptándose a el, polo tanto o noso voto vai a ser favorable porque non hai outra medida.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Mesias Farías: nos en consecuencia coa postura adoptada no Plan de Axuste a nosa posición vai a ser negativa, entre outras cousas porque xa advertíamos que isto era unha tutela, e o que van a facer é tutelamos dalgunha maneira e decimos por onde hai que actuar, polo tanto isto simplemente é a consecuencia dese Plan de Axuste co que nos estábamos en contra e ademáis isto non fai máis que empezar, aínda non pasamos eses dous anos de carencia.

Sr. Alcalde: Emilio esto o ten que aprobar todo o mundo teña Plan de Axuste ou non, isto é independente do Plan de Axuste, o que pasa é que nos efectivamente co Plan de Axuste dalgunha maneira efectivamente temos que cumprilo, pois o teito de gasto loxicamente parte non do Plan de Axuste senón que parte da nosa situación financeira, aínda que non teñamos Plan de Axuste, entón os Concellos que non teñan Plan de Axuste, teñen que poñer teito de gasto, de feito onte Abel Caballero o Alcalde de Vigo, reclamaba xenerosidade cos concellos que podían ter efectivamente superávit, e ter un teito de gasto superior o que resulta da aplicación destas taboas, estas son medidas para conter o gasto publico, e dicir que aínda que teñas diñeiro non poderas gastar, isto é contención do gasto público por desgraza nun momento de recesión, pero non ten nada que ver co Plan de Axuste.

Interven o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu coindido tamén, vamos a ceñirnos a cando veu o Plan de Axuste, no artigo 30. 2º, por parte do Sr. Secretario se di "na proposta da Alcaldía sinalase que non están previstos cambios sustanciais en materia de persoal agás as impostas polos gobernos Centrais e autonómicos, e modificacións fundamentais do gasto corrente ou transferencias, salvo as derivadas do propio Plan de Axuste, tal como a modificación dos tipos impositivos do IBI as Ordenanzas Fiscais da taxa de Recollida do lixo, taxa pola distribución de auga, IVTM, prezo pola prestación do Servicio de Axuda no Fogar, taxa pola prestación de servicios sociais culturais Deportivos, taxa pola



entrada de vehículos a través de beirarúas, taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e sillas. Eu creo que nos no Pleno que viu o Plan de Axuste nos queremos cumprir coa Lei e sabemos que os Concellos esto hai que cumprilo para unha redución do gasto, pero o que si nos non estamos de acordo en todas estas subidas, e esta subida de taxas ven a raíz do Plan de Axuste, por exemplo aquí a comunidade Autonoma de Galicia non subiu os impostos para este ano nin o que ven porque cadraron os números, nos a política económica que se veu facendo aquí durante os últimos anos estamos en desacordo despois da advertencia que viñamos facendo cada vez que se traía o debate dos orzamentos, nos sabemos que ten que cumprir a Lei cada Administración nos vamos a votar en contra por esto, porque creemos que a política económica que se fixo aquí no Concello de gasto foi moi alegre, e as consecuencias desta situación levan a que os cidadáns de Ares teñamos que pagar máis que en Fene, o IBI se está cobrando máis que en Fene, o imposto de vehículos exactamente igual, e se subiron a raíz do Plan de Axuste, nos estamos en contra e votamos en contra do Plan de Axuste, pois vamos a votar en contra deste.

Sr. Alcalde, o IBI non é superior ó de Fene Manuel, o IBI é o de Neda, o de Fene é superior e ademais efectivamente ten un casco urbano moito máis amplo con o que a súa recadación é superior, entón noso IBI é igual que o de Neda entón é o seguinte máis baixo ó dos grandes municipios, é o de Neda que ten a nosa capacidade económica e a nosa poboación e un entorno moi similar, entón puxemos o IBI urbano e o rustico seguindo exemplo do que aprobou Neda que gobernades vosoutros, entón loxicamente o Alcalde de Neda sendo do PP, nun concello coa mesma poboación pode poñer o IBI que ti non deixar poñer aquí, entón non é razoable, o Partido Popular en Ferrol subeu o IBI 10 puntos.

Sr. Manuel Cendán: porque, porque está acollido o Plan de Axuste tamén.

Sr. Alcalde, non esta acollido o Plan de Axuste o que ti queiras, o partido popular nada máis gañar as eleccións subeu o IBI sen plans de axuste e sen nada, colleu os plans, e dixo a este plan 10, a este plan 15 e a este plan 17, agora se o fai o Partido Popular esta ben, e se o fai un Alcalde Socialista é un despilfarro, esta claro que o goberno do Partido Popular subeu os IBIS e esta claro que son subidas lineais, pero no caso de Ares non excede baixo ningún concepto o de outros Concellos que están coas mesmas características de poboación e demáis.

Sometida a votación, el Pleno de la Corporación, visto o informe de Secretaría de 22-10-12, acorda en votación ordinaria por maioría de 6 votos a favor dos grupos municipais do P.S.deG-P.S.O.E. (5) e NAL (1) e cinco en contra dos grupos municipais del P.P. (4) e BNG (1) aprobar a mesma.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.-



PUNTO 8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Interven o Sr. Manuel Cendán: Eu quería facer unha pregunta porque levamos todo o ano 2012 sen as resolucións do gasto e me parece excesivo, me extraña que non estén feitas porque estamos acabando o ano e que non viñera ningunha resolución de gasto, me parece que ten que haber unha mala coordinación por parte da convocatoria dos Plenos, ou preguntarlle á intervención ou a Tesoureira porque isto ten que estar feito, non pode estar todo o ano sen pasar.

Sr. Alcalde: sempre pasa igual, a ti te pasaba igual Manuel, as resolucións de gasto viñan todas xuntas.

SR. Manuel Cendán, estamos rematando o ano e aínda non veu ningunha, teñen que estar feitas, non pode estar cerrando o ano e non traer ningunha.

Sr. Alcalde, empezaremos a traelas, e ti sabes como é, é así.

O Concello dase por enterado.

PUNTO 9º.-MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

Non hai mocións en vía ordinaria.

Acto seguinte o SR. Alcadel pregunta os voceiros se teñen algunha moción para presentar pola vía de urxencia, non presentándose ningunha.

PUNTO 10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Mesias Farías, no primeiro do punto da sesión de hoxe, sobre a expropiación de terreos para a instalación do CPI, nos o que queríamos saber se continua adiante ou non o traslado da Pista, e cal é o sentido da toma do coñecimento do escrito do titular en relación a esta situación.

Outro é un rogo, referido ás Mocións que presentamos o outro día pola vía de urxencia, eu pregaría que esa Democracia da que moitas veces se fala, co cal quere dicir participación, se tivese en conta, nos presentamos unhas mocións pola vía de urxencia e o



Pleno acorda non darlle a urxencia, polo tanto non se trata a Moción, nos entendemos e así é o espírito da participación en Democracia que esas mocións iran pola vía ordinaria no seguinte Pleno, polo tanto eu pediría que non volvese a pasar esto e que non haxa ningún medo en debater os temas, que sobre todo cando se ten a maioría absoluta non ían a saír adiante.

Outra consideración é o respecto da Resolución 232/12, queríamos saber a que se refire eso concretamente.

E despois por último a Resolución 237/12 que está sin asina por parte da Alcaldía, non sabemos porque, saber cal é a razón.

Interven o voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: A primeira é con respecto o curso que se está dando de memoria para os maiores, que se contratou a un Psicologo, e eu digo cunha xornada completa como ten o psicólogo aquí, porque non se poden impartir estas clases polo psicólogo municipal, se se podía aforrar neste servicio.

Segundo que xa o vimos preguntando varias veces, é polo tema do barco, cal é a situación, se vai a navegar, se ese barco está coa documentación preparada para poder usar, cal é a situación.

Terceira, e que hai uns días se contratou unha persoa que eu a vin e preguntei o Sr. Secretario que tipo de contrato se fixo a unha persoa que se contratou, ninguén me sabe dicir nada, e eu pregunto se é por algún plan.

Sr. Alcalde quen é.

Sr. Cendán, e ún chico que eu vin, que está traballando, eu o outro día preguntei que vin unha persoa cortando no parque Rosalia e me dixeron que era do plan de cooperación. Pero neste caso lle preguntei o Sr. Secretario me dixo que non sabía nada que había unha resolución que estaba sen asinar.

O Sr. Secretario, di que é unha substitución por baixa da limpadora María del Carmen Pita.

Sr. Manuel Cendán: e eso podese facer así.

Sra. Barron Ferro, foi por razóns de urxencia, a traballadora avisou o venres.

Sr. Alcalde, con respecto ás mocións, Emilio as debatiste, non se votou a urxencia, pero se leeron enteiras, e so faltaba votalas a favor ou en contra, o que fixemos foi non votar a urxencia, entón efectivamente o público presente tomou coñecemento do contido, os Concelleiros presentes tomaron coñecemento do contido e o único que quedou foi en lugar de votar en contra o petium xa se votou en contra da urxencia, pero se trasladou o contido das Mocións ó público. Esta claro que en Democracia hai que cumprir as normas, e si a facultade



para facer a orde do día é do Alcalde, eu exerzo unha facultade legal e ti as presentas pola vía de urxencia, e as presentaches pola vía de urxencia e as votaron en contra, pois efectivamente esta claro que ademáis poideche leelas, que non se debe de leer. Entonces eu non vou a incorporar cuestións que non comparto en abstoluto.

A resolución núm. 232/12 creo recodar que se debe a un tema relativo o PLAN E, e é que na rehabilitación da Casa do Patin, cando nos tivemos a inspección correspondente, pois houbo un reparo por así decilo, relativo as persoas contratadas, e en consecuencia loxicamente pois nos iniciamos a defensa.

Toma a palabra o Sr. Secretario, unha era que se ían a contratar tres traballadores e se contrataron dous, en segundo lugar dicia a auditoria, porque rematada a obra a empresa seguía cos traballadores, ese non é problema noso, ademáis se o fondo tiña por fomentar a contratación, realmente costou máis.

Sr. Alcalde se fixo con ese diñeiro porque Titin foi moi xeneroso, perdeu diñeiro, ou mellor dito non o gañou. Entonces temos un reparo e obedece a un encabronamento do Inspector co Secretario, e vamos a ir a xuízo, a obra esta feita obxesa que non hai ningún problema.

E logo a 237/12 e unha licencia de primeira ocupación que esta sen asinar, porque se me saltaría.

E en canto o CPI nos efectivamente vamos a poñer a disposición da Consellería os terreos e que a Consellería faga o que lle de a gaña, se quere que se traslade a Pista, se traslada a pista, se non quere que se traslade a pista, e quere construír o edificio arriba, pois ten que esperar a que se aprobé o Plan, pero desde logo é un debate no que non vamos a volver a entrar, o Concello cumpre poñendo o solo a disposición da Consellería e que a Consellería faga o que lle de a gaña, que quere trasladar a Pista, pois se traslada, que non quere porque quere facer o edificio arriba, pois ten que esperar a que se aprobé o Plan, pero desde logo nos so vamos a poñer o solo a disposición da Consellería e que a Consellería faga o que considere oportuno.

Con respecto a pregunta da Psicoloxa, resposta a Concelleira de Servizos Sociais Sra-Montenegro Paz: como saberas e unha subvención da Deputación de "envelhecimento activo", entón non pode dalo un funcionario ou un empregado do Concello, e que me sorprende que preguntes eso, porque cando nos chegamos o taller de memoria xa existía estaba Jose Luis de Psicólogo e tiñades unha empresa que daba este taller que se chamaba Hablar y Hablar, e entón me pregunto porque non o daba José Luis nese momento. Esta empresa non estaba contenta coa forma de pago e se foi.

Sr. Alcalde, a última pregunta que é a do barco, creo recordar que en abril tiña que estar feita a obra, relativa as infraestruturas da estrutura e demáis, e efectivamente esta listo creo que falta unha inspección, capitania creo que ten pendente unha inspección co



material de seguridade, alí xa está todo o material, alí fun eu varias veces con Paco, está ali todos os salvavidas, a macheta para cortar cabos os cubos as luces, e nos falla única e exclusivamente unha certificación e partir de ahí desde cultura loxicamente diseñaremos un programa de actuación de maio a setembro, ese barco vai a estar operativo de maio a setembro, en setembro se subirá para algún lado ou quedara no mar, e logo efectivamente no Taller de Emprego pedimos un modulo de pesca, e claro se necesita o barco para impartilo, entonces efectivamente a flota cerquera en Ares, pois sabemos que as veces demanda uns postos de traballo que non se cubren, que están cubrindo emigrantes africanos fundamentalmente e entonces pensamos en impartir un módulo novedoso de artes pesqueras e loxicamente temos o barco para facelo, en consecuencia asinaremos un convenio coa Universidade de Santiago para o uso do barco pola estación de bioloxía marina da Graña, asinaremos un convenio coa Confraría e co Nautico sobre todo para a utilización do barco en actividades propias deles, intentaremos impartir o módulo de Pesca no taller de Emprego e intentaremos establecer algunhas actividades de ocio pero sempre concentradas no verán, a idea é que o persoal que se contrate sexa estacional, sexan os tres ou catro meses que o barco se usa, e un pouco está é a programación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e catro minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,